

A/A: Dirección Xeral de Patrimonio – Consellería de Cultura

ASUNTO: Control arqueolóxico da destrución do anel lítico da Mourela

Tra-la xuntanza mantida entre os membros desta plataforma e o director de Patrimonio D. Felipe Arias en Santiago de Compostela o día 15 de Maio, co obxecto de atopar unha solución que permitise realizar unha mellora no proceso de documentación da excavación do anel da Mourela, consideramos que:

- Non se está a realizar un control do desmonte por parte de técnicos en arqueoloxía, tal e como se manifestou na xuntanza co director xeral de Patrimonio Cultural.
- Estanse a empregar máquinas que alteran moi rapidamente o subsolo e que están decapando toda a terra superficial ata chegar ao horizonte mineral (Ver fotografía).
- Esta operación impide un control arqueolóxico.



- Así mesmo os camións que transportan terra para a autovía pasan a menos de 10 metros da excavación, acurtando distancias día a día, coas molestias de pó e ruído que isto produce para o persoal que está a excavar.

Por isto demandamos do seu departamento que poña en funcionamento tódalas medidas necesarias para que o control arqueolóxico desta destrución se realice garantindo a rigurosidade no proceso de documentación deste xacemento prehistórico milenario.

Agradeceríamos que nos notificasen a súa valoración da situación no seguinte enderezo electrónico: plataforma@amigus.org

O PATRIMONIO É DE TODOS. DEFENDÁMOLO

Plataforma cidadá na defensa do círculo lítico da Mourela